



Benvidas familias!! Queremos convidaros a ser socios da ANPA!!!

Os socios da ANPA disfrutarán de descontos nas tarifas de plan madrugada, comedor, actividades extraescolares, subvención dunha porcentaxe en todas as excursións realizadas durante o curso, tamén descontos en establecementos adheridos (amosando o correspondente carné de socio) e na cuota de material para os cursos de Educación Infantil (onde os pais farán un único pago anual de 40 € e serán os mestres os que lles vaian proporcionando o material que precisen durante o curso).

Documentos

Declaración
Responsable

Inscripción ANPA

inscripción Piscina

Informámosvos que o proceso de alta de familias socias da ANPA iniciárase o 20 de xuño e finalizará o 30 de setembro. O formulario estará á vosa disposición no blogue (<https://anpamestrevolverdemayo.blogspot.com/>) e a cuota anual será de **20 euros/familia**.

Para facerse socio, a parte de cubrir o formulario do blogue, deberase efectuar o pago da cota anual mediante transferencia bancaria no número de conta de ABANCA **ES59 2080 5452 6430 4012 0761** indicando no concepto **COTA SOCIO+NOME E APELIDOS DO ALUMNO+CURSO** (antes do 30 de setembro).

Aula madrugada

Por se tedes esta necesidade, o próximo curso tamén teremos servizo de madrugadores de 7:30 a 9:00. Informámosvos que o proceso de inscrición iniciárase o 22 de agosto. Non adoita haber problema de prazas.

Recordámosvos as tarifas do curso 2021/2022:

As cotas para os socios:

- Usuarios mes completo: 40€
- Usuarios medio mes: 30€
- Usuarios días soltos: 4,50€

E para os non socios:

- Usuarios mes completo: 45€
- Usuarios medio mes: 35€
- Usuarios días soltos: 5,50€

Para facer a inscrición, podedes acceder ó enlace do bloguer...

Extraescolares
Concello

Extraescolares
ANPA

Inscripción Aula
Madrugada

Preinscrición
comedor

Pago Comedor

Comedor

Para os que estean interesados no servizo comedor o 20 de xuño abrese o prazo para a reserva de praza para os usuarios do comedor do vindeiro curso 2022/23, ata o 30 de xuño. Os alumnos que precisen praza para o comedor deben formalizar a súa reserva a través do formulario que estará a vosa disposición no blogue anteriormente mencionado.

A asignación definitiva de prazas notificarase de forma individual a cada alumno en setembro, antes do comezo do curso escolar, unha vez se coñeza o novo protocolo da Xunta que afecta á distribución das prazas e distancias dos comedores escolares.

Extraescolares
Concello

Extraescolares
ANPA

Inscripción Aula
Madruga

Preinscripción
comedor

Pago Comedor

MOI IMPORTANTE: O envío do formulario de reserva de praza NON supón a asignación directa nin asegura a dispoñibilidade de praza para o alumno. A confirmación de asignación de praza será comunicada por parte da ANPA en setembro, antes do comezo do curso escolar. Os alumnos que non teñan praza dispoñible, serán integrados na lista de espera por orden de solicitude.

CRITERIOS DE ADMISIÓN

Cando existan máis solicitudes que prazas dispoñibles, a admisión dos usuarios realizarase segundo a seguinte orde de preferencia:

1. A solicitude de reserva de praza para o comedor para o vindeiro curso foi enviada en prazo.
2. A familia do alumno solicitante debe ser socia da ANPA e estar ao día dos pagos da cota da ANPA para que a solicitude de reserva sexa válida.
3. O alumno solicitante foi usuario do comedor escolar no curso anterior e solicita, como máximo, os mesmos días dos que era usuario do comedor no curso anterior.
4. O alumno solicitante ten irmán/s usuario/s do servizo de comedor.
5. O alumno solicitante estivo en lista de espera para o comedor no curso anterior.
6. O alumno solicitante require unha praza de servizo continuo de 5 días (de luns a venres) de forma fixa tódalas semanas (non de forma alterna). Estes usuarios, denominados usuarios continuos, terán prioridade fronte os descontinuos. Para os alumnos solicitantes de prazas descontinuas, a prioridade establecerase en función do número de días solicitados, de maior a menor.
7. O alumno solicitante é usuario ademais do servizo de madrugadores.

A orde de admisión decidirase aplicando con carácter sucesivo os anteriores criterios e, se fose necesario desempatar, empregarase a orde de recepción de solicitudes. A finalidade última é asignar o maior número de prazas de comedor aos usuarios solicitantes para facer o uso máis optimizado posible do comedor.

INFORMACIÓN DO SERVIZO

O servizo de comedor se ofrecerá de 14:15 a 16:15, pola empresa AdrimialFood S.L.

O menú para os socios costa 4,50€ e para os non socios 5,50€

Actividades Extraescolares

As actividades extraescolares que ofertará o ANPA para o curso 2022/2023 publicarémolas online o 22 de agosto. Poderase realizar desde esa mesma data a inscrición no blogue.